

**XORNADAS DE ANÁLISE SOBRE A CARTA EUROPEA DAS LINGUAS
REXIONAIS OU MINORITARIAS**

22-23 febreiro 2010

Consello da Cultura Galega

Coordinadora: Alba Nogueira López

Nestas xornadas preténdese realizar unha análise en profundidade da *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias* á luz dos informes dos expertos de seguimento. A existencia xa dunha certa traxectoria de análise a través dos informes de seguimento permite tirar conclusións sobre os efectos da Carta nos ordenamentos xurídico-lingüísticos dos países asinantes.

PROGRAMA

A consideración de linguas rexionais ou minoritarias e a adopción de compromisos por parte dos estados

Estudo do concepto de lingua rexional ou minoritaria para comprender que linguas están incluídas no réxime de protección da Carta e que linguas non o están. Aproximación á estrutura da Carta en función do nivel de compromisos que poden adquirir os estados.

EDUARDO RUIZ VIEYTEZ

Universidade de Deusto

J.M. PÉREZ FERNÁNDEZ

Universidade de Oviedo

Réximes existentes de protección e obxectivos e principios da CELRM

Análise dos réximes de protección diversos que abre a Carta aos estados ratificantes. Estudo dos obxectivos e principios que son de aplicación aos estados que subscriban a CELRM.

GWYN PARRY

Universidade de Swansea

ROBERT DUNBAR

Universidade de Aberdeen

O réxime de protección no ensino e na xustiza

Estudo dos preceptos dedicados ao ensino e á xustiza á luz dos informes de seguimento dos expertos e da diversidade de réximes de protección posibles dentro da CELRM. Encaixe da CELRM na lexislación interna existente.

ALBA NOGUEIRA

Universidade de Santiago de Compostela

ANNA PLA

Universidade de Xirona

As autoridades administrativas e servizos públicos

Réxime de protección no ámbito das administracións e servizos públicos.

JAUME VERNET

Universidade Rovira i Virgili

A CELRM, os medios de comunicación e as actividades e servizos culturais

Análise dos preceptos dedicados aos medios de comunicación e aos servizos culturais e dos compromisos que adquiren os estados para promover o uso das linguas rexionais e minoritarias en ámbitos relevantes para a transmisión da lingua.

ANGELS ORRIOLS

Universidade Autònoma de Barcelona

ELIZABETH CRAIG

Universidade de Sussex

A regulación da vida económica e social

Aproximación á intervención nas relacións privadas, que constitúe un ámbito novidoso de regulación lingüística.

IÑIGO URRUTIA

Universidade del País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea

A CELRM e os intercambios transfronteirizos

Análise da protección das linguas rexionais e minoritarias en contextos transfronteirizos, importante no caso de grupos lingüísticos nos que a súa situación xeográfica non resulta coincidente coa dos estados.

EVA PONS

Universidade Autònoma de Barcelona

Aplicación da Carta e proceso de ratificación, aprobación e reservas

Estudo das disposicións que se refiren á aplicación da Carta e ao nivel de compromisos que poden adquirir os estados e ás fórmulas de adhesión.

IÑAKI LASAGABASTER

Universidade del País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea

SANTIAGO CASTELLÁ

Universidade Rovira i Virgili

A Carta de linguas rexionais e minoritarias e a Unión Europea

Relación entre un texto internacional como a CELRM, aprobado polo Consello de Europa, e a política de protección das linguas por parte da Unión Europea.

ANTONI MILIAN

Universidade Autònoma de Barcelona